

CARLOS MORENO

» URBANISTA E ASESOR DE MOBILIDADE DA ALCALDESA DE PARÍS

“A pandemia mostrou que a Cidade dos 15 minutos non era unha utopía”

» “Precisamos ás gobernanzas locais para lograr o cambio de paradigma”

» “A Facultade Ágora é unha iniciativa pedagóxica e necesaria”

B.C

O asesor de mobilidade da alcaldesa de París e teórico da ‘Cidade dos 15 minutos’ Carlos Moreno participou este venres como relator no segundo seminario da Facultade Ágora, a iniciativa coa que a Vicepresidencia da Deputación de Pontevedra busca formar a representantes políticos e técnicos dos concellos da provincia sobre a recuperación do espazo público para as persoas. Unha cita á que acudiron máis de 200 oíntes e durante a que o urbanista e director da cátedra Emprendemento, Territorio e Innovación da Universidade da Sorbona aproveitou para intercambiar impresións con FARO sobre a verdadeira “revolución da cultura urbana que se está a vivir actualmente”, ademais de insistir na importancia de iniciativas pedagóxicas como a Facultade Ágora, moi necesarias á hora de impulsar o cambio.

– O concepto da ‘Cidade dos 15 minutos’ está dando a volta ó mundo, pero en que consiste exactamente?

– Podemos definila como a proximidade feliz. Un modelo de cidade policéntrico e multiservicial baseado en poñer ó alcance da cidadanía en menos de 15 minutos as principais funcións urbanas: habitar, traballar, comprar, coidar a saúde física e mental e desfrutar da cultura e o ocio. Logrando isto, estaremos creando cidades máis apacibles, cunha menor pegada de carbono, un maior vínculo social e menos estrés e tensión.

– Como se pode adaptar esta práctica a un territorio de menor densidade como é a provincia de Pontevedra?

– En zonas de media ou baixa densidade coma Pontevedra ou como pode ser o caso do sur de Francia, estamos aplicando o mesmo concepto, as mesmas seis funcións sociais, pero, en lugar de con 15 minutos, con media hora. Contamos cunha ferramenta dixital que nos permite escudriñar os recursos existentes, clasificalos en áreas xeográficas en círculos concéntricos de 30 minutos e identificar os baleiros para facelos o máis pequenos posible a través de ma-



Carlos Moreno é director da cátedra Emprendemento, Territorio e Innovación da Universidade da Sorbona. // Cedida

trices de balance ou equilibrio que propoñen novos servizos alí onde faltan, impulsan a mobilidade de baixo carbono, etc.

– De que xeito xorde a idea?

– Despois de facer distintos traballos de investigación, dende o equipo da cátedra lanzamos este concepto baseado na necesidade de cambiar o ritmo de vida urbano. A tecnoloxía é unha panca de cambio, pero non unha solución en sí mesma. Tiñamos e temos que ir máis alá na loita polo clima: tan importante ou máis que preocuparse por chegar máis lonxe e máis rápido con pouco carbón, é preguntarse: por que temos que ir tan lonxe? Por que gasto todos os días unha ou dúas horas do meu tempo en ir ó traballo? Por qué faltan servizos de proximidade?... Así xorde este concepto hai cinco anos e dixerónme: “Paréceme moi bonito Carlos Moreno, pero isto é unha utopía porque a xente non vai traballar preto das súas casas”.

– Que ocorre despois?

– Cinco anos máis tarde temos o quinto aniversario da Conferencia sobre o Clima de París (COP21), temos unha gran expectativa no mundo enteiro coa resonancia da loita polo clima coa xuventude co-



“POR QUE TEMOS QUE IR TAN LONXE PARA TRABALLAR?, POR QUE ESTAMOS OBRIGADOS A DESPRAZARNOS? POR QUE DAMOS UN SÓ USO A CADA LUGAR”

“O ESPAAO PÚBLICO É O MAIOR ELEMENTO DUNHA DEMOCRACIA E TEN QUE SER UN ESPAAO DE VIDA E ENCONTRO”

mo gran adalide, e a alcaldesa de París toma este concepto como parte do seu programa para a reelección dicindo que temos que cambiar os nosos modos de vida. Levamos moitos anos traballado por cambiar a infraestrutura da cidade cando, realmente, o que temos que cambiar hoxe en día é a nosa maneira de vivir na cidade: crear proximidades, crear ecoloxía de baixo carbón, saír do monofuncionalismo, revitalizar a economía dos barrios...

– O papel xogado pola pandemia?

– Falabamos da necesidade de aproximar as actividades cotiás no espazo e a Covid-19 obrigounos a vivir en proximidade, demostrounos que si eramos quen de traballar dun xeito distinto, mesmo demasiado porque levounos ó ‘píxama working’, que tampouco é bo nin para saúde física e mental nin para a intimidade. Pola contra, sí o é crear espazos de traballo preto da casa conectados cos grupos centrais mediante a tecnoloxía. Xustamente, estes días, saíu publicada unha enquisa internacional que falaba da ‘Cidade dos 15 Minutos’ como a gran transformación do traballo: estamos a crear descen-

tralización corporativa en distintas zonas da cidade e evitando a saturación dos espazos públicos de mobilidade obrigada con atascos, horas pico e multitudes en transportes colectivos.

– As vantaxes, polo tanto, non son só ecolóxicas...

– O desenvolvemento sostible precisa da converxencia de tres elementos: A ecoloxía: para responder á gran ameaza que temos sobre as nosas testas, o cambio climático; pero tamén de novos modelos económicos que nos permitan cambiar o tradicional modelo de cidade que coñecemos, baseado en distancias longas. E o tercer punto é o social: non podemos seguir con cidades nas que caiba a exclusión social, o racismo, a violencia de xénero... Non debemos invertir nin un só euro en proxectos que teñan só retorno económico, ou só retorno social, ou só ecolóxico. Necesitamos que cada euro produza un anaco de cada: A cidade sostible é a que é viable a nivel económico, equitativa e ecolóxica.

– De que xeito encaixan o transporte público e o coche eléctrico nesta filosofía?

– Na Cidade dos 15 minutos seguirán existindo os desprazamentos esporádicos: non podemos construír un teatro ou un hospital cada 15 minutos. Aí é onde entran os coches compartidos e as liñas virtuais de transporte público, que non serán como as coñecemos hoxe, senón moito máis acomodadas á demanda. Tamén os coches eléctricos, pero temos que ter en conta que ningunha tecnoloxía, por máis xenial que sea, resolverá problemas complexos. O cohe eléctrico e as zonas de baixas emisións son precisas para xerar educación de cara ó cambio de paradigma, pero insisto: a solución non pasa por ver como imos máis rápido e máis lonxe, senón como accedemos máis facilmente ao que nos fai falla.

– Ata que punto inflúe a vontade política á hora de lograr o cambio?

– O mundo no que vivimos non é sostible, e o cambio de paradigma non se vai a producir por xeración espontánea. Precisamos motores, impulsores, xente comprometida, convencida. Ese é o papel das gobernanzas locais, precisamos que estean completamente impregnados desta nova visión para que a poñan en marcha.

Precisamente, Pontevedra é un exemplo pioneiro e internacional. Forma parte do grupo de cidades inspiradoras pola súa proposta de cidade viva, vibrante, que camiaña, que da prioridade ós viandantes...

– O espazo público ten que ser un dereito da cidadanía equivalente a educación ou a sanidade?

– O espazo público e o maior elemento dunha democracia. Por iso, é importante que sexa un espazo de vida, de encontro, creador de vínculos sociais a través da cultura ou o comercio de proximidade e de elementos que loitan polo clima como a vexetación.